

Prosa de observatorio: Licenza para matar

Cando me preguntan sobre lingua galega, adoito dicir que eu son un usuario. Un usuario literario e non necesariamente un usuario avantaxado. Non vou explicar as dificultades que o galego ten para se converter en lingua de prestixio no propio territorio, na Galiza. As derivacións diso son tamén coñecidas e nin o espazo é o acaído nin o que isto escribe se sinte con capacidade de síntese bastante para tal empresa.

O outro día, falando cun galego de nación, que non de expresión, díxome una frase incómoda: *"el gallego no es una lengua, ni siquiera ellos saben como se escribe"*. "Ellos", por suposto se refería non tanto aos que fan uso do galego, como aos "galeguistas", antagónicos dos "españolistas". E esta é a gran mágoa do galego, que nin os seus fillos o queren ("escribir na lingua que ninguén quería", que sostíña Rosalía, referencia de prestixio).

Poñamos como exemplo a verba que define ao país como entidade política e atoparémonos catro formas gráficas: "nación", que fun informado que é a normativa, "naçom", que aparece nas comunicacións públicas dalgunhas tendencias do nacionalismo, "nazón", que se non me trabuco é como está na letra do Himno Galego e aínda "nação", para aqueles que consideran que galego e portugués son a mesma lingua. Entendo que estas formas poden coexistir pacificamente, cando menos temporalmente, mais que nun momento teremos que tomar a decisión de que conflúan nunha única.

Xa sei que é asunto complexo polas implicacións políticas e aínda socioeconómicas dos cambios necesarios, mas isto non pode seguir así. Non podemos permitirnos esta "licenza para matar a lingua", pois significará como causalidade unha "licenza para matar o país". Chega, e dígoo con xenreira contida, de ser nós mesmos os nosos maiores inimigos. É intolerábel que non haxa un acordo entre as distintas partes. É máis intolerábel aínda que iso non se produza por personalismos mesquiños, por teimosías históricas, por defensa de cadeiras, veleidades ou prebendas.

Coido eu, como usuario, que é necesario procurar unha solución a este *imbroglio*, que non deixa de dar argumentos contundentes aos inimigos exteriores e interiores. Así é preciso sentar as partes en litixio permanente, que estas escollan os representantes menos agresivos e máis abertos de cada opción (evitando vellas malquerenzas entre egos hipertrofiados), que se nomee un coordinador dos traballos que facilite o diálogo e que se elabore unha lista de diferenzas e de coincidencias, por moi desparellas que as listas sexan. A partir de aí, se a filoloxía é unha ciencia e non unha cábala onde cada "chamán" fai as súas predicións, con tempo e paciencia para incrementar as coincidencias e diminuír as diferenzas, poderemos acadar unha solución. Nesa esperanza quedo.

Xavier Queipo